


# MÁIS...



## La juguetería

Xogo de mesa



## Reinos minúsculos

de Anne Jankéliowitch  
Ideaka- Edelvives

Libro informativo



## Cuentos de buenas noches para niñas rebeldes

de Elena Favilli  
Destino

Libro informativo PDI: Mulleres na historia



## Bicos de música

de Mamá Cabra  
Sonárbore/Galaxia

Libro-CD



## Brave

de Disney- Pixar

DVD


# INFANTIL



## O cabaleiro co traseiro en chamas

de Beach  
Picarona

Dragón volve a estar en apuros. O lume do seu interior en lugar de saír pola súa boca, agora sae...pola porta traseira. Pero non hai que preocuparse! O seu cabaleiro amigo ten un plan. Deben pór o mundo do revés, colocar abaixo o que está arriba e arriba o que está abaixo, e así as chamas de Dragón lembrarán o camiño correcto.



## ¡No hay color!

de Raúl Bermejo  
Ideaka-Edelvives

Un ovo cósmico que deixa un rastro de cor alá por onde pasa e ponse en marcha se o activas. Axúdao a avanzar polo espazo, polo ceo, polo bosque, e tamén por un mundo fantástico para que poida chegar ao mellor destino que se poda imaxinar. É unha divertida proposta de lectura compartida e interactiva.



## Barbosa el pirata

de Jorge González  
Bang

Barbosa o pirata navega tranquilamente polo mar en compañía dos seus mariñeiros cando, de súpeto, algunha cousa os sacude e lles obriga a dirixirse cara unha illa moi curiosa, non moi lonxe de onde se atopan. Xuntos deberán localizar algo que Barbosa perdeu: un tesouro moi preciado por el...

## Quen levou a lúa?

de Mario Catelli  
OQO



Kipá, o máis pequeno da manda, quere ouvear como os lobos grandes; unha noite de lúa chea escapa á montaña e aspira tan forte que a lúa se desprende do ceo. Nesta divertida historia sobre a aprendizaxe e descubrimentos da vida, súxírese que a sabedoría se adquire cos anos, e polo tanto, hai que tirar proveito de cada unha das etapas. Unha historia sinxela para que comprendamos dunha forma intuitiva, onde se acha a esencia das cousas.

# RECOMENDACIÓNS LECTORAS

## Verán 2024



ESTE VERÁN  
ZAMBULLIRÉMONOS  
ENTRE AS LETRAS  
PARA NADAR ENTRE  
OS SOÑOS




# 1º CICLO



## El dragón de las letras

de Begoña Oro  
*Beascoa*

Esta serie contén varios títulos. É ideal para as criaturas que comencan a ler. Cada título, con texto rimado, céntrase nunha letra e conta con vocabulario adaptado, a través das historias dun peculiar dragón que en lugar de escupir lume, sopra letras.



## Avelaíña e o camiño á illa

de Bea Gregores  
*Antela Editorial*

Cando Avelaíña naceu había tempo que o resto de avelaíñas marcharan. Decidida a atravesar o bosque para seguilas, irá descubriendo seres peculiares que a farán plantexarse a onde quere dirixirse e por que.

Unha maravillosa BD de aventura e descubrimento, a través dunha natureza engaiolante, sobre atopar o noso lugar no mundo.



## Los desastres de Troti

de Begoña Oro Pradera  
*SM*

En casa do avó de Mía, Troti trota, tropeza e choca con todo. De momento, soamente ocorreron pequenos desastres, pero... e se estivera a punto de suceder un desastre total e absoluto?



## Os cotrosos atacan de novo

de Patricia García-Rojo  
*SM*

Se te fixas moi pero que moi ben e entornas os ollos con disimulo, detrás de cada retalho de papel, lata baleira ou bolsa de patacas fritas, atoparás algo máis... Claro: son os cotrosos! E seguro que xa os viches antes... axexando o lixo!

Que traerán entre mans estas diminutas criaturas?

# 2º CICLO



## A miña avoa, a miña heroína

de Blanca Millán  
*Xerais*

Laura sempre foi unha nena alegre, forte e valente, pero ultimamente as cousas non lle van demasiado ben: sente que cada vez son máis os días grises e comeza a dúbida de todo, incluso dela mesma. Menos mal que conta coa complicidade da avoa Carmela, con quen vai realizar unha viaxe ao pasado para entender por que se sente así e decatarse de que pertence a unha saga de mulleres loitadoras. Un emotivo relato sobre a ansiedade na infancia e a fortaleza de sentirnos acompañados polos nosos seres queridos.



## Bufiño e Brunilda

de Bárbara Cantini  
*Hércules Edicións*

Bufiño é un gato. Cando cerra os ollos e exhala, pasan cousas máxicas. Pero non pode atopar un lugar que poida considerar o seu fogar. Brunilda é unha bruxa pero lle falta algo: o seu gato. Porque sen gato nunca será quén de voar!

Bufiño e Brunilda se atopan e xuntos correrán unha aventura.



## Hilda y el Trol

de Luke Pearson

*Barbara Fiore Editora*

Hilda é unha nena valente, conectada coa natureza, nun mundo no que diversos seres fantásticos entran pola porta da súa casa, situada no bosque, como se fora algo normal e sinxelo. Hilda respecta a todos os seres e trata de comprender máis alá das aparencias, buscando aventuras e descubrindo a través da experiencia e da comunicación.



## Los devora misterios

de Úrsula Heinze

*Xerais*

Acompaña a Héctor, Vicky e Livia a investigar unha misteriosa mansión. Os Devoramisterios están dispostos a descubrir se está encantada. Pero... que son eses ruidos estraños? Esa sombra moveuse? E por que hai tantas portas por todas partes?! Parece que aquí ocorre algo moito máis raro do que esperaban, así que... van precisar da túa axuda! Colle a lupa e o caderno, convértete en detective e resolve con eles increíbles enigmas...

# 3º CICLO



## Irene, a porteira

de Xulia Pisón

*Universidade da Coruña*

O cómic rescata a historia de Irene González Basanta, unha coruñesa que xogou ao fútbol nos anos vinte do pasado século. Foi a primeira rapaza que rompeu barreiras no fútbol, ao se converter na porteira e capitá do equipo masculino coruñés ao que deu nome: o Irene F.C.



## Idol!

de Alba Chan

*Xerais*

Trátase dunha historia xuvenil narrada gráficamente desde un estilo achegado ao manga xaponés e no que vibran as ondas do K-pop coreano.




## Wombo Combo

de Paula Carballeira

*Xerais*

Sara ten outra vida, unha vida virtual onde xoga en liña con ducias de persoas e é imbatible nas loitas facendo "Wombo Combo"



## La increíble historia de... Perrobot

de David Wallians

*MONTENA*

Nesta ocasión Wallians propón un universo protagonizado por un robot canino creado por unha científica e cuxo inimigo é o gato que vive con ela.